

# **FACTORES ESTRUCTURAIS QUE CONTRIBÚEN AO PROBLEMA DOS INCENDIOS EN GALICIA: MUDANZAS NO MEDIO RURAL E DEFICIENCIAS NA XESTIÓN DO TERRITORIO**

**Edelmiro López Iglesias**

**Grupo ECOAGRASOC**

**Departamento de Economía Aplicada**

**Universidade de Santiago de Compostela**

DOI: 10.17075/unxl.2021.003



## 1. OS INCENDIOS FORESTAIS EN GALICIA E A RESPOSTA DAS POLÍTICAS PÚBLICAS; DIAGNÓSTICO INICIAL

Os incendios forestais emerxeron como problema grave en Galicia nas décadas de 1970 e 1980. Nestes dous decenios o número de lumes, aínda que con oscilacións, experimentou un incremento continuo, ao pasar de 1000 anuais a comezos dos 70 a máis de 4000 a finais dos 80. E iso acompañouse dunha tendencia tamén crecente da superficie queimada, que superou en catro anos as 100 000 hectáreas, até alcanzar un máximo de 200 000 ha en 1989.

### 1.1. As políticas aplicadas desde 1990; balance dos resultados

Coa consolidación en España do Estado autonómico, as competencias en prevención e extinción de incendios pasaron a estar esencialmente en mans das comunidades autónomas. Pois ben, a resposta da Xunta de Galicia ante o problema dos incendios centrouse, a partir de 1990, na creación dun dispositivo específico de extinción, o que orixinou un forte crecemento do gasto público nese dispositivo (Sineiro 2006). O orzamento dedicado a este fin aumentou de 6 millóns de euros en 1989 até 69,6 en 2006, para alcanzar un máximo de 129,8 millóns en 2007, despois da crise incendiaria de 2006. Na última década a cifra tendeu a estabilizarse en arredor de 100 millóns anuais<sup>1</sup>.

---

<sup>1</sup> Tomamos os datos até 2005 de Sineiro (2006). Para o período 2003-2017 as cifras corresponden ao orzamento da Xunta de Galicia para o programa 551B, «Accións preventivas e infraestrutura forestal», ou análogos, segundo a serie recompilada no web <silvicultor.blogspot.com>.

Somos conscientes das limitacións deses datos: no programa 551B están incluídos gastos en medidas preventivas; no sentido contrario, non se computa o gasto en extinción doutros departamentos da Xunta de Galicia, da Administración central e das corporacións locais. Ademais, trátase de orzamentos iniciais, non do gasto executado. A pesar de todo, serven como indicación das tendencias.


A prioridade outorgada á extinción acompañouse dunha escasa atención á prevención estrutural e á ordenación e xestión forestal. O que se reflicte nun dato: en contraste coas contías dedicadas ao combate aos incendios, o orzamento da Xunta de Galicia para ordenación e produción forestal permanece estancado desde principios da década de 2000 en aproximadamente 60 millóns anuais.

Esa afirmación require certas matizacións. A máis relevante refírese aos anos 2006-2009, nos que asistimos ao intento de sentar as bases dunha nova política de prevención estrutural e de ordenación do monte. Ese intento, moi embrionario e incompleto, plasmouse en diferentes iniciativas: aprobación da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e creación, co fin de impulsar a mobilización produtiva das terras, tanto agrarias como forestais, do Banco de Terras (2007) e das unidades de xestión forestal –UXFOR– (2008). Pero desde 2010 tivo lugar un retorno ás políticas do período 1990-2005, baseadas na confianza absoluta no dispositivo de extinción. De tal maneira que se eliminou a figura das UXFOR (substituídas polas SOFOR, cunha aplicación até agora case nula), o Banco de Terras quedou desactivado e se relaxaron as normas de prevención aprobadas en 2007, abandonando calquera impulso do seu cumprimento.

As estatísticas sobre a evolución do número de lumes e a superficie queimada mostran os logros, pero tamén os límites, desa política centrada na extinción. Podemos resumir así o que indican os datos (gráfico 1).

- O dispositivo de extinción permitiu reducir de modo significativo a superficie queimada no período 1990-2005. Pero esas medidas non lograron controlar o número de lumes, que continuou aumentando, nin tampouco puideron evitar que a superficie afectada alcanzase cifras importantes (por riba de 45 000 ha) nos anos de condicións meteorolóxicas desfavorables.
- Nos anos 2006-2009, coincidindo coas novas medidas aprobadas despois da crise incendiaria de 2006, asistimos a unha importante inflexión, plasmada na diminución substancial do número anual de lumes (de 12 000 a 4000).
- Despois diso, a evolución recente (2010-2016) aparecía definida por unha tendencia á estabilización tanto do número de lumes (ao redor de 4000 anuais) como da superficie afectada (de 15 000 a 20 000 ha ao ano).

Gráfico 1. Evolución do número de lumes e da superficie afectada por incendios forestais. Galicia, 1976-2019



S.A.Q.: superficie arborada queimada. S.R.Q.: superficie rasa queimada.

Fonte: Consellería do Medio Rural (2020): PLADIGA 2020

O control aparente do problema que parecían suxerir eses datos saltou polos aires, porén, coa crise incendiaria de 2017, cando só nunha semana de outubro arderon unhas 50 000 ha e no conxunto do ano máis de 60 000. Globalmente, a experiencia das tres últimas décadas, e en especial a nova onda de incendios sufrida en outubro de 2017, pon de manifesto os límites dunha política centrada na extinción e a necesidade de abordar os factores estruturais que están na orixe do problema. Co termo «factores estruturais» referímonos principalmente ás deficiencias na ordenación e xestión das superficies forestais e, globalmente, do territorio rural, agravadas polo incumprimento das medidas establecidas na normativa de prevención. A un nivel máis xeral, as causas últimas de que os incendios se convertesen nun problema crónico hai que buscalas nas mudanzas experimentadas desde mediados do século XX polo noso medio rural e, ligado a iso, nas modificacións operadas nos usos do solo.

Eses factores estruturais están na orixe de moitos incendios. Ademais, unha vez iniciados os lumes, favorecen a súa expansión, debido á acumulación de combustible e ás características das masas forestais. E dificultan tamén as tarefas de extinción, ao obrigar a concentrar os medios na defensa das casas e dos núcleos de poboación.

Con isto non pretendemos soste que eses fenómenos constitúan a causa única do problema dos incendios. Se queremos ter un panorama desas causas, hai que engadir como mínimo outros dous factores: as condicións climáticas, que inflúen no crecemento da vexetación e na súa sequidade en certas épocas do ano, e determinadas prácticas que seguen existindo no noso medio rural, que poden resumirse nunha certa promiscuidade no uso do lume para o control da vexetación. Pero, sen o explicaren todo, os fenómenos analizados a continuación constitúen factores estruturais que contribúen á intensidade que alcanza o problema, especialmente en certas zonas do territorio galego.

## **1.2. O novo contexto derivado do cambio climático; leccións da experiencia de 2017 en Portugal (e tamén en Galicia)**

O problema dos incendios adquire maior urxencia no novo contexto derivado do cambio climático. Neste sentido, hai leccións importantes que extraer da experiencia de 2017 en Portugal e, de modo menos grave, tamén en Galicia.

As alteracións climáticas incrementan de forma notable –en concreto, no cuadrante noroeste da Península Ibérica– o risco de incendios de grande intensidade que superan rapidamente a capacidade de calquera dispositivo de extinción. Con condicións meteorolóxicas adversas (temperatura, baixa humidade, vento), que van ser máis frecuentes, se existe unha elevada acumulación de combustible no territorio, as oportunidades de controlar os incendios limítanse á fase inicial (para os incendios de outubro de 2017 en Portugal, entre 3 e 17 minutos desde o inicio do lume [Comissão Técnica Independente 2018]). Polo tanto, no referido ao dispositivo de extinción, o importante non vai ser a acumulación de máis medios (avións, máquinas, persoas), senón a capacidade de prever eses episodios (máis coñecemento), a rapidez da resposta e contar con medios dispostos para o ataque inicial (estratexia de anticipación).

Dado que os factores climáticos son un dato, debemos centrarnos no que depende de nós: 1) a redución do combustible acumulado, o que remite á xestión do territorio e da paisaxe, e 2) a diminución do número de lumes, o que pasa por modificar certas prácticas que continúan arraigadas no noso medio rural. Por un lado, no contexto actual adquire unha importancia decisiva a redución do combustible acumulado. O que nos leva a tres cuestións: a porcentaxe de superficie dedicada a áreas arborizadas, a selección de especies forestais e a súa continuidade no territorio, e o control da vexetación arbustiva nos espazos forestais (existencia ou non de xestión silvícola). De forma complementaria, nos períodos de máximo risco é fundamental un control estrito do uso do lume, para o que necesitamos mudar certas prácticas que subsisten no noso medio rural, que poden resumirse nunha promiscuidade no uso do lume para o control da vexetación.

## **2. A DESESTRUCTURACIÓN DO MEDIO RURAL E AS DEFICIENCIAS NOS USOS DA TERRA COMO CAUSAS ESTRUCTURAIS DOS INCENDIOS**

### **2.1. Acelerado declive e mudanzas socioeconómicas das áreas rurais**

A mediados do século XX, Galicia era aínda unha sociedade cun forte predomínio rural e cun medio rural esencialmente agrario. Resumido en cifras, en 1950, segundo o censo de poboación dese ano, o 80 % da poboación vivía nese ámbito (entidades de menos de 2000 habitantes) e dela o 90 % traballaba na agricultura, o que facía que o 70 % da poboación ocupada total tivese a súa actividade exclusiva ou principal no sector agrario.

Se a agricultura constituía a base da sociedade rural, e da maior parte da sociedade galega, a realidade que encontrabamos neste sector pode sintetizarse en dúas notas: unha estrutura de pequenos agricultores que accederan tardíamente, nos 70 anos e anteriores, á plena propiedade das terras; uns sistemas produtivos caracterizados pola súa intensidade en man de obra e a limitada utilización de factores de produción de orixe industrial, un sistema agrario que facía un uso intensivo do factor traballo e estaba baseado nun modelo de policultivo-gandaría, ademais de ter un soporte fundamental nas terras de monte.

Esa realidade mudou dun xeito radical nos últimos setenta anos e o motor das transformacións foi a acelerada caída do emprego agrario. A poboación ocupada no sector reduciuse no período 1950-2019 en case un 95 % (de 827 000 a 49 900 persoas). Só nos últimos trinta e cinco anos, no período transcorrido desde a integración na Unión Europea, esa redución foi de case o 90 %: de 415 100 ocupados en 1985 a 49 900 en 2019. Iso levou a unha diminución paralela do seu peso relativo no emprego total: do 70 % en 1950 e preto do 40 % aínda en 1985 ao 4,5 % na actualidade, unha cifra similar á media da UE-28. Galicia experimentou, pois, unha desagrarización tardía pero abrupta, ao concentrarse en sete décadas unha caída do emprego agrario que nos países máis desenvolvidos de Europa se fora graduando ao longo dun século e medio ou dous séculos (López Iglesias 2000 e 2019).

Esa acelerada diminución do emprego agrario tivo dous efectos. Por unha banda, orixinou un forte declive económico e demográfico das áreas rurais, que se acompañou da concentración da poboación e a actividade económica nas zonas urbanas, especialmente do Eixo Atlántico. Ao mesmo tempo, provocou unha crecente desagrarización do medio rural, unha redución da importancia da actividade agraria nestas áreas (López Iglesias e Pérez Fra 2004).

Como resultado, debemos destacar dúas notas que definen a realidade actual. A primeira é que Galicia xa non é un país, unha sociedade, rural. As áreas rurais seguen ocupando a maioría do territorio, pero nelas só habita unha porcentaxe reducida da poboación. A segunda nota é que ese medio xa non é só, nin sequera principalmente, agrario (ou agroforestal). A maioría dos seus residentes manteñen algunha vinculación coa propiedade ou co traballo da terra, pero só unha minoría ten a actividade principal na agricultura e no sector forestal (López Iglesias e Pérez Fra 2017).

Esta realidade aparece ilustrada polos datos sobre a clasificación dos municipios segundo o grao de urbanización, elaborada polo Instituto Galego de Estatística (IGE) tomando como base a metodoloxía proposta polo Eurostat (IGE 2017). Os que cabe catalogar como municipios rurais (as denominadas zonas pouco poboadas) ocupan en 2017 o 81,8 % do territorio, pero só contan co 26,9 % dos habitantes (cadro 1). E, dos afiliados á Seguridade Social residentes nestes municipios, unicamente o 14,0 % teñen a ocupación principal en actividades agrarias e forestais; o 9,8 % traballan na construción, o 15,6 % na indus-



tria e o 60,6 % no sector servizos (cadro 2). Dentro deste conxunto, os concellos máis puramente rurais, os clasificados como zonas pouco poboadas de baixa densidade (ZPP baixa) cobren o 65,2 % do territorio, pero neles só reside o 14,7 % da poboación. E mesmo aquí os que traballan principalmente na agricultura e no sector forestal constitúen unha minoría, o 17,9 % dos afiliados á Seguridade Social, observándose un claro predominio dos ocupados nas diversas ramas dos servizos (57,9 %) (cadros 1 e 2).

Cadro 1. Distribución da superficie e a poboación de Galicia por zonas segundo o grao de urbanización (2017)

	Superficie (km <sup>2</sup> )	Habitantes (2017)	% superficie	% poboación	Densidade (hab./km <sup>2</sup> )
ZDP	982,3	987 412	3,3	36,5	991,1
ZIP	4398,7	993 473	14,9	36,7	225,0
<b>ZPP</b>	<b>24 194,4</b>	<b>727 454</b>	<b>81,8</b>	<b>26,9</b>	<b>30,9</b>
ZPP alta	2281,1	201 755	7,7	7,4	88,9
ZPP intermedia	2632,3	126 261	8,9	4,7	49,1
ZPP baixa	19281,0	399 438	65,2	14,7	21,5
<b>Galicia</b>	<b>29575,4</b>	<b>2708 339</b>	<b>100,0</b>	<b>100,0</b>	<b>91,6</b>

ZDP: zonas densamente poboadas. ZIP: zonas intermedias. ZPP: zonas pouco poboadas.  
Fonte: IGE

Cadro 2. Estrutura sectorial do emprego por tipos de zonas en Galicia (2017; afiliacións á Seguridade Social)

	Total	Agricultura e pesca	Construción	Industria	Servizos
ZDP	100,0	1,1	4,9	11,3	82,7
ZIP	100,0	5,6	8,0	16,1	70,3
<b>ZPP</b>	<b>100,0</b>	<b>14,0</b>	<b>9,8</b>	<b>15,6</b>	<b>60,6</b>
ZPP alta	100,0	6,8	9,9	17,5	65,8
ZPP intermedia	100,0	14,1	10,2	15,5	60,2
ZPP baixa	100,0	17,9	9,7	14,5	57,9
<b>Galicia</b>	<b>100,0</b>	<b>6,1</b>	<b>7,3</b>	<b>14,2</b>	<b>72,4</b>

Fonte: IGE

Que o rural xa non é só nin sequera principalmente agrario constátase tamén noutros indicadores, como a estrutura sectorial do PIB, as fontes de renda dos residentes e mesmo a xestión do territorio. Neste último aspecto, segundo a *Enquisa sobre a estrutura das explotacións agrarias* de 2016, os agricultores só xestionan hoxe en Galicia o 29 % do territorio e unicamente o 21 % está dedicado a cultivos e pastos (López Iglesias 2019).

En suma, nas últimas seis décadas, ao tempo que se producía un acelerado declive económico e demográfico do medio rural, asistimos a unha crecente desagrarización das áreas rurais, á desaparición da identidade «medio rural = agricultura» que, con matices, definía a realidade até mediados do século XX. Neste sentido, recollendo o apuntado para Portugal por F. Oliveira, o problema de fondo radica en que o rural galego xa non é (nin só nin principalmente) agrario, pero aínda non é «outra cousa» (Oliveira Baptista 2010). Podemos dicir tamén que «é moitas cousas á vez» (actividades económicas, demandas sociais, tipos de residentes), sen unha ordenación e articulación globais.


Esas transformacións tiveron dúas consecuencias con relevancia directa para o problema dos incendios. Por unha parte, levaron a unha forte diminución e un crecente envellecemento da poboación rural. Dada a acusada dispersión do hábitat, isto traducíuse na existencia de miles de aldeas cunha base demográfica cada vez máis débil e, polo tanto, cunha capacidade cada vez menor para xestionaren o territorio circundante. O outro efecto foi a desvinculación da maioría da poboación rural e dos propietarios de terras da xestión das súas superficies.

Esas tendencias globais esconden unha crecente heteroxeneidade interna, a nivel comarcal e municipal e mesmo entre as parroquias do mesmo concello. Heteroxeneidade que se constata simplemente con observar as densidades demográficas e que pode resumirse na configuración de «tres Galicia rurais» (Fernández e Peón 2017; mapa 1):

- Áreas rurais do Eixo Atlántico e outras comarcas periurbanas. Dominadas pola influencia dos mercados de traballo urbanos, caracterízanse por densidades de poboación relativamente elevadas e un importante dinamismo demográfico.
- Galicia central ou interior. Comarcas cunha base agraria, en especial gandeira, relativamente sólida, acompañada en moitos casos de cabeceiras comarcais de certa dimensión, o que posibilita o mantemento de densidades medias-baixas.

- Zonas de montaña das serras orientais de Lugo, metade oriental e sur de Ourense e dorsal galega. Localizadas lonxe dos principais núcleos urbanos, é nestas zonas onde se constata un despoboamento máis acentuado e dificilmente reversible (densidades inferiores a 15 habitantes por quilómetro cadrado), asociado á extrema debilidade da súa base económica.

Mapa 1. Densidade de poboación a nivel municipal en Galicia (2016)




Fonte: IGE

Esa diferenciación dos espazos rurais obedece á dinámica empresarial local, pero tamén, cunha importancia crecente, aos fluxos de mobilidade diaria entre o lugar de residencia e o de traballo. Segundo o censo de poboación de 2001, o 37,8 % das persoas ocupadas en Galicia traballaban nun municipio diferente ao

de residencia, porcentaxe que en 2011 aumentou até o 42,8 %. No mapa 2 aparecen representados os fluxos de mobilidade diaria por razóns de traballo en 2001; destacan os constatados ao longo do Eixo Atlántico e as áreas rurais próximas, pero tamén se observa o poder de atracción das dúas capitais provinciais do interior (Lugo e Ourense) e de certas cabeceiras comarcais, o que contribúe ao sostemento demográfico das áreas rurais do seu contorno (mapa 2).

Mapa 2. Fluxos de mobilidade diaria entre o lugar de residencia e de traballo. Galicia, 2001



Fonte: IGVS (2008)

## 2.2. Usos da terra: mudanzas nos últimos 60 anos e situación actual

As transformacións socioeconómicas que acabamos de resumir acompañáronse de fortes mudanzas nos usos do solo. Historicamente, no contexto do sistema agrario «tradicional» que se mantivo vixente en Galicia até mediados do século XX, o espazo agrario (dedicado de modo continuado a cultivos e pastos) ocupaba unha proporción pequena (ao redor do 25 %) do territorio, mentres que o restante 75 % correspondía a terreos de monte. Isto constituía unha necesidade e un uso racional do espazo, dadas as importantes funcións que cumprían as terras de monte para as explotacións agrarias. Estas terras servían como espazo de cultivo temporal, eran empregadas para o pastoreo do gando e a obtención de leña e madeira, e fornecían a materia vexetal destinada a cama do gando que representaba a base para a obtención do abono orgánico que permitía manter a fertilidade das superficies de cultivo.

Ese uso diversificado das terras de monte facía que estas acumulasen pouco mato, debido ao pastoreo do gando e ao aproveitamento da vexetación para cama dos animais. Por outra banda, iso implicaba que, ademais da superficie dedicada de forma permanente a cultivos e pastos, unha boa parte das terras de monte puidesen ser incluídas nun concepto amplo de espazo agrario, ao seren obxecto dun aproveitamento agrogandeiro. O primeiro censo agrario realizado en España, en 1962, ilustra esa situación. Segundo esta estatística, había en Galicia 630 000 hectáreas de cultivos e prados (o 21 % da superficie xeográfica), pero ademais o censo contabilizaba 940 000 ha de monte pastadas polo gando, polo que a superficie agraria en sentido amplo, o espazo obxecto dalgún aproveitamento agrícola ou gandeiro, se aproximaba a 1 600 000 ha, máis da metade (53 %) do territorio (López Iglesias *et al.* 2013).

Ese modelo de aproveitamento e xestión do territorio experimentou mudanzas substanciais nas seis últimas décadas. Mudanzas impulsadas pola redución da man de obra agraria, a intensa desaparición e concentración de explotacións e as transformacións na tecnoloxía e nos sistemas produtivos da agricultura; pero que se viron tamén moi condicionadas polo marco institucional e as políticas públicas: estas contribuíron a unha escasa mobilidade das terras agrarias, a unha forte expansión da superficie arborada e a un problema crecente de ordenación dos usos do solo (López Iglesias 1996).

O resultado foron unhas tendencias que para o conxunto dos últimos sesenta anos poden resumirse en tres notas (López Iglesias *et al.* 2013):

- Notable retroceso do espazo agrario, debido a dous procesos: a forestación ou abandono da maior parte das terras pertencentes ás explotacións agrarias que deixaron de existir e a desaparición case completa do aproveitamento agrogandeiro das terras de monte.
- Forte expansión da superficie arborada, tanto nos terreos de propiedade particular como nos montes veciñais en man común.
- Aumento máis forte das superficies abandonadas.

Referíndonos ás terras de monte, a desaparición dos usos tradicionais deixou paso a unha situación definida por dous fenómenos. Por un lado, a expansión da superficie arborada, na que se consolidou un modelo forestal centrado nas especies de crecemento rápido e con escasa ou nula xestión da maioría das superficies. E, simultaneamente, o abandono de centos de miles de hectáreas, nas que crece de forma incontrolada o mato.

Esas tendencias continuaron, e nalgúns aspectos acentuáronse, nas décadas recentes, a partir da integración na UE. Concretamente, a análise realizada por Corbelle e Crecente (2014) mostra unhas mudanzas no período 1985-2005 definidas por catro tendencias: retroceso da superficie dedicada a cultivos e pastos, redución da superficie de mato, novo incremento da superficie arborada e, finalmente, expansión do territorio ocupado por infraestruturas e áreas urbanizadas (cadro 3). En suma, en palabras destes autores: urbanización, forestación e abandono.

Cadro 3. Variación neta da superficie por usos. Galicia, 1985-2005

	1985 ha	2005 ha	Variación	
			ha	%
Superficie agraria	927 977	782 074	-145 903	-15,7 %
Mato	979 178	777 309	-201 869	-20,6 %
Terreo arborado: frondosas	150 919	269 151	118 232	+78,3 %
Terreo arborado: produtor	833 953	985 146	151 193	+18,1 %
Improdutivo	67 566	145 913	78 347	+116,0 %

Fonte: Corbelle e Crecente (2014)

O resultado é o panorama que encontramos na actualidade (cadro 4):

- Dos case tres millóns de hectáreas que forman o territorio de Galicia, a superficie agraria utilizada (SAU) –cultivos e pastos– límitase, segundo a *Enquisa sobre a estrutura das explotacións agrarias* de 2016, a 621 600 ha, o 21 % do territorio, moi por debaixo tanto da media da UE-28 (40 %) como da española (46 %). Esa cifra varía tomando outras fontes, en función sobre todo da delimitación máis ou menos ampla dos pastos. Así, as estatísticas sobre usos do solo da Xunta de Galicia elevan a SAU a 874 000 ha, o 29,5 % do territorio, computando aquí un 6,2 % que corresponde a pastos extensivos fronteirizos co monte (cadro 4). En calquera caso, considerando as diversas fontes, a SAU oscila entre o 21 % e o 30 % do territorio, porcentaxe moi baixa no contexto español e europeo.
- A superficie arborada ocupa, segundo os datos que tomemos, entre 1,1 e 1,4 millóns de hectáreas<sup>2</sup>, ao redor do 40 % do territorio. Pero tan só unhas 300 000 ha, no mellor dos casos, están ordenadas e son obxecto dunha xestión silvícola, mentres que a maioría das terras arboradas non reciben ningún coidado e boa parte se atopan practicamente nunha situación de abandono.
- As «outras superficies», que inclúen augas interiores, terras improdutivas e as ocupadas por infraestruturas e usos urbanos, supoñen o 11 %.
- Finalmente, quedan un mínimo de 600 000 ha, o 21 % do territorio, ocupadas polo mato. Superficies que non son obxecto hoxe de ningún coidado nin aproveitamento económico, polo que cabe asimilalas a terras completa ou case completamente abandonadas.

O problema pode resumirse en que o espazo agrario está constrinxido a un cuarto ou un quinto do territorio, mentres que a metade corresponde a mato e a monte arborado sen unha adecuada xestión silvícola. Esta situación está moi distante dos usos potenciais que permitirían as aptitudes dos solos (Díaz-Fierros e Gil Sotres 1982). Especialmente nun punto: a SAU (do 21 % ao 30 % do territorio) está moi por debaixo do 50 % que podería ser dedicado a cultivos e pastos, ao ser apto para o cultivo continuado ou ocasional; unha diferenza que se corresponde aproximadamente co volume de terras ocupadas polo mato (cadro 4).

---

<sup>2</sup> Os datos da Xunta de Galicia recollidos no cadro 4 indican 1 155 300 ha, mentres que o *Cuarto Inventario Forestal Nacional* (IFN4) eleva a cifra a 1 424 094 ha.

Cadro 4. Usos actuais da terra en Galicia; comparación cos usos potenciais

Usos actuais (2011)	Miles de ha	%	Capacidade de uso	%
Superficie cultivada	388,3	13,1	Cultivo continuado	34,7
Prados e pasteiros ( <i>Dese total, pasteiros e pasteiros arbustivos</i> )	485,7	16,4	Cultivo ocasional	15,7
	182,3	6,2		
Mato	607,8	20,5		
Terreo arborado	1155,3	39,1	Non cultivable	36,1
Outras superficies	320,6	10,8	Improdutivo ou baixo uso	13,5
Total	2957,8	100,0	Total	100,0

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Consellería do Medio Rural e de Díaz-Fierros e Gil Sotres (1982)


Os datos globais esconden, tamén neste caso, enormes contrastes dentro da xeografía galega, contrastes que poden resumirse de novo na configuración de «tres Galicia rurais». Tomando a tipoloxía a nivel parroquial elaborada por Corbelle e Crecente (2014), esas tres Galicia rurais (en canto aos usos do solo) están constituídas por: 1) o «rural urbanizado e forestado», característico do Eixo Atlántico e da franxa costeira; 2) o «rural activo», integrado polas áreas –principalmente do interior da Coruña e Lugo– que presentan unha expansión recente e un elevado peso das terras agrarias, e 3) o «rural abandonado», definido polo forte peso das superficies de mato, que ocupa as serras orientais de Lugo, a dorsal galega e a maior parte da provincia de Ourense (mapa 3).

### 2.3. Problema adicional: expansión e desorde da interface urbano-forestal

Dentro da problemática xeral dos usos do solo, merece unha mención específica, pola súa relación cos incendios forestais, a cuestión da interface urbano-forestal. A ausencia dunha ordenación territorial favoreceu nas últimas décadas dous fenómenos que contribuíron a aumentar a vulnerabilidade fronte aos incendios. Por unha banda, a forestación de terras agrarias, moitas veces na contorna inmediata dos núcleos de poboación, e, simultaneamente, a construción desordenada de vivendas e instalacións empresariais, con frecuencia no medio ou nas proximidades de terreos forestais. Deste modo, as árbores e o mato foron avanzando cara aos núcleos de poboación (na maioría das áreas rurais), ao tempo que as



Mapa 3. Tipoloxía das parroquias segundo as tendencias dos usos do solo (1985-2005)



Fonte: Corbelle e Crecente (2014)

vivendas e as instalacións empresariais avanzaban cara ao monte (especialmente nas zonas periurbanas).

O resultado foi a configuración dunha interface urbano-forestal cada vez máis extensa e con maior acumulación de combustible. Así, segundo os cálculos realizados nun estudo recente (Chas, Touza e García 2013), as áreas da interface urbano-forestal ocupan actualmente en Galicia 244 187 ha, o 8,3 % do territorio. Ademais, estas áreas representan o 62,4 % da superficie edificada e nelas están o 69,7 % das construcións, o que significa que a maioría da poboación vive neste tipo de espazos.

Se analizamos a porcentaxe que supón a área de interface urbano-forestal sobre a superficie a nivel parroquial, conséntase que o problema afecta sobre todo

ao «rural urbanizado e forestado». Pero, máis alá desas zonas periurbanas de alta densidade de poboación, trátase dun fenómeno estendido, con intensidades variables, pola maior parte do territorio, dada a dispersión da estrutura do hábitat (Chas, Touza e García 2013).

#### **2.4. Distribución da superficie afectada polos incendios; relación con eses factores estruturais**

A incidencia que eses factores estruturais (dinámica global das áreas rurais e, en concreto, dos usos do solo) teñen sobre os incendios vese corroborada se analizamos a distribución xeográfica da superficie queimada. No mapa 4 está representada a superficie afectada por incendios forestais a nivel municipal en España no decenio 2001-2010. Fixándonos no territorio galego, os datos mostran unhas pautas claras. Das tres Galicia rurais que diferenciamos, en función das características socioeconómicas e os usos do solo, o problema dos incendios véñse concentrando en dous tipos de zonas: o «rural urbanizado e forestado», áreas costeiras e periurbanas con altas densidades demográficas, hábitat disperso e predominio das superficies arboradas; e o «rural abandonado», áreas de montaña e do interior que sofren un despoboamento acentuado e nas que se constata unha maior presenza do mato.

No outro extremo, os municipios menos afectados polos incendios coinciden co que Corbelle e Crecente (2014) clasifican como «rural activo», as principais áreas gandeiras do centro e norte de Galicia, onde existe un maior uso agrario do territorio, e tamén coas comarcas do terzo setentrional nas que a produción forestal está máis asentada, zonas produtoras de eucalipto con masas relativamente ordenadas (mapa 4).

Somos conscientes de que nesa distribución xeográfica da superficie afectada polos incendios desempeñan un papel relevante os factores climáticos. Pero, recoñecendo iso, parece indiscutible a influencia das variables que estamos a comentar, relacionadas coa dinámica das áreas rurais e os usos do solo. Neste sentido, o diagnóstico sobre as causas dos incendios esixe partir de que estes responden a unha interacción complexa de factores diversos (clima, orografía, variables socioeconómicas, usos do solo etc.).

Mapa 4. Superficie afectada por incendios forestais a nivel municipal. España, 2001-2010



Fonte: MAGRAMA (2012); *Los Incendios Forestales en España. Decenio 2001-2010*

### 3. ORIENTACIÓN PARA CONFIGURAR UNS ESPAZOS RURAIS MENOS VULNERABLES FRONTE AOS INCENDIOS

Da análise anterior cabe extraer algunhas orientacións para o futuro. A este respecto, é necesario diferenciar o urxente do importante a medio e longo prazo.

#### 3.1. O urxente: avanzar na prevención estrutural

Para abordar o problema dos incendios, e atenuar os seus efectos, o máis urxente é avanzar na aplicación das medidas de prevención estrutural, especialmente as referidas á xestión da vexetación nas franxas de protección de vivendas e núcleos de poboación, instalacións empresariais e vías de comunicación. Unhas

medidas establecidas na normativa desde a Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, pero que tiveron até agora un incumprimento xeneralizado.

Neste punto, as disposicións para impulsar o cumprimento desas medidas que foron aprobadas a finais de 2017, na Lei 9/2017, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, e outras actuacións adoptadas nos anos recentes pensamos que van, en xeral, na boa dirección e veñen a rectificar a pasividade neste aspecto da Xunta de Galicia desde 2009. Queda pendente, no entanto, o fundamental: a aplicación desas disposicións nos próximos anos.

Esta cuestión é esencial para evitar que moitos incendios se convertan, de forma case inmediata, nun problema de protección civil, no que a prioridade pasa a ser a defensa das persoas e das casas, de tal modo que os servizos de extinción poidan centrarse en controlar os incendios nos terreos forestais.

Porén, sobre a aplicación e eficacia desas accións de prevención estrutural convén facer varias precisións:

- a) Para ser efectiva, a prevención debe estar estreitamente ligada á extinción. Isto posibilitará unha mellor planificación das accións de prevención, en función das necesidades do combate contra os incendios. De maneira recíproca, o coñecemento das accións de prevención realizadas é esencial para planificar a extinción. En consecuencia, o desexable é a integración da prevención e a extinción nun único dispositivo. A poder ser, que quen realice labores de prevención participe na extinción e viceversa.
- b) O control da vexetación nas franxas de protección a través da roza supón un custo elevado para os propietarios e entidades que teñen esa obriga, custo que debe ser repetido de forma recorrente sen ningún retorno económico. No caso dos propietarios de terras adxacentes a vivendas, trátase ademais dun investimento para protexer o patrimonio de terceiros. Polo tanto, estas accións de roza serven como solución de urxencia, pero é necesaria unha reflexión sobre como distribuír os custos.
- c) Se se pretende avanzar nunha alternativa sustentable (económica e socialmente), o desexable é fomentar nesas franxas usos da terra que eviten a acumulación de combustible e xeren ao mesmo tempo ingresos para os propietarios ou usuarios das superficies (cultivos e pastos, árbores para a produción de froitos...).

- d) Os estudos poñen de manifesto que en incendios de grande intensidade a eficacia das franxas de protección é moi limitada, posto que se producen proxeccións do lume a centenas de metros, mesmo a varios quilómetros (Comissão Técnica Independente 2018). Disto derívase unha lección importante: o esencial é a paisaxe e a ocupación do solo que configuremos, non só no contorno dos núcleos de poboación ou instalacións empresariais, senón no conxunto do territorio.

Polo tanto, máis alá desas medidas de prevención, o relevante a medio e longo prazo é avanzar nunha mellora da ordenación e xestión das superficies de monte, e globalmente do territorio. A configuración duns espazos rurais menos vulnerables aos incendios vai requirir, sobre todo se temos en conta os efectos do cambio climático, modificacións profundas nos usos do solo e na xestión do territorio. Modificacións que deben enmarcarse nun obxectivo máis xeral: configurar un novo rural, un «rural posible», adaptado á Galicia do século XXI (López Iglesias e Pérez Fra 2017).

### **3.2. O importante: (re)construír un uso diversificado do monte, que responda ás demandas da sociedade**

Para contribuír a ese novo rural é preciso (re)construír un uso multifuncional das terras de monte, non como o que había no sistema agrario tradicional, senón adaptado ás condicións e demandas actuais da sociedade. Nese aproveitamento multifuncional han de ter cabida usos moi diversos: obtención de madeira a partir de especies de crecemento rápido, produción de madeiras de calidade, gandaría extensiva, pequenos froitos, aproveitamento da biomasa e outras fontes de enerxía renovable, funcións ambientais, fins recreativos e como espazo de lecer. Todos eses usos son compatibles, pero cunha adecuada ordenación.

Deses diferentes usos, os que implican a produción de bens e servizos para o mercado teñen que ser retribuídos polo mercado. Polo tanto, ben sexan os propietarios das terras ou outras persoas ou empresas, estes deben ser capaces de elaborar produtos en condicións adecuadas de calidade e prezo para o seu acceso aos mercados. Disto dependerá o futuro desas producións e dos usos da terra aos que están ligadas. Pero existen funcións (das superficies de monte e, en xeral, do medio rural) cada vez máis demandadas (ambientais, socioterritoriais) que non

remunera o mercado. En consecuencia, estas teñen que ser retribuídas polo conxunto da sociedade a través de transferencias públicas (pagos ambientais, pagos a superficies en zonas Natura 2000 e outros mecanismos) (Andrade e Vázquez 2016).

En calquera caso, cómpre ter claro un principio: todo o que pretendamos que produzan as terras ten que ser pagado por alguén e, polo tanto, ha de responder a unha demanda social real. Non serven os usos impostos aos propietarios sen unha adecuada retribución. Pero tampouco as alternativas puramente voluntaristas, que non contan con viabilidade económica nin responden a unha demanda social de certa entidade. En consecuencia, á hora de formular propostas sobre usos posibles das terras, a atención non pode centrarse só, como sucede con frecuencia, nos factores de oferta (que están en condicións de producir esas terras), senón que é imprescindible ter en conta, e avaliar de forma realista, a demanda para eses bens e servizos.

### **3.3. A complexa relación entre dinámica socioeconómica das áreas rurais e usos do solo**

O desexable é que a mellora da ordenación e xestión da superficie se acompañe dunha revitalización demográfica e socioeconómica das áreas rurais e se apoie nela. Pero hai que ter claro que a relación entre ambos os procesos non é actualmente directa nin mecánica.

Até as décadas centrais do século XX existía en Galicia unha vinculación estreita entre poboación rural e espazo rural: os habitantes de cada parroquia, a inmensa maioría agricultores, tiñan a súa base económica no aproveitamento do espazo agroforestal circundante. Nos últimos decenios, porén, asistimos, igual que en toda Europa, a unha separación crecente entre poboación rural e espazo rural. Separación ou desvinculación que ten a orixe en dous fenómenos: a desagrarización da poboación rural e o forte incremento da súa mobilidade (a ruptura entre o lugar de residencia e o de traballo).

A consecuencia é que na actualidade non existe unha relación directa e simple entre despoboamento e abandono de terras, nin tampouco, en sentido contrario, entre dinamismo demográfico e adecuado aproveitamento das superficies. Isto reflíctese en realidades que podemos observar no rural galego:

- Hoxe é posible encontrar exemplos dun espazo rural razoablemente xestionado, para usos agrogandeiros, forestais ou outras actividades, coexistindo cun acusado despoboamento. O que sucede nestes casos é que o aproveitamento das superficies é realizado principalmente por empresas ou persoas que non residen de modo continuado na zona.
- No extremo contrario atopamos, sobre todo nos ámbitos periurbanos, áreas rurais cun dinamismo demográfico importante á vez que un case completo abandono do espazo agrario e forestal. A explicación é que se trata de áreas convertidas en espazos residenciais ou cunha estrutura económica desvinculada da explotación da terra. De tal maneira que a inmensa maioría dos habitantes só residen na zona e desprázanse a traballar a núcleos urbanos próximos ou traballan en empresas locais pero noutras actividades.

Desa realidade, a complexa relación entre poboación rural e espazo rural, derívanse consecuencias importantes para os nosos efectos:

1. A revitalización demográfica e socioeconómica das áreas rurais non asegura por si mesma unha adecuada ordenación e xestión das terras; esa revitalización non constitúe unha condición suficiente. Isto é aplicable sobre todo aos espazos periurbanos, o que obriga a preguntarse polas fórmulas de xestión futura do territorio nestes espazos.
2. En sentido contrario, a revitalización demográfica e socioeconómica non é sempre condición necesaria, xa que a explotación das terras pode ser realizada por persoas ou empresas que non teñen a residencia habitual na zona. En relación con isto, debemos preguntarnos se nas comarcas cun despoboamento máis acusado non resulta inevitable asumir que a xestión das terras será realizada no futuro, polo menos en boa medida, por persoas ou empresas non residentes na zona; sendo complementadas esas actividades privadas pola xestión pública de amplos espazos naturais protexidos. Admitindo que isto non constitúe un horizonte ideal, a cuestión é que alternativas, viables, existen para a xestión do territorio nestas zonas.
3. A primeira das consideracións anteriores afecta sobre todo ás áreas periurbanas, ao «rural urbanizado e forestado», mentres que a segunda se refire principalmente ás zonas de montaña do «rural abandonado». De forma xeral, para todo tipo de comarcas, a ordenación e a mobilización produ-

va das superficies van esixir conciliar os intereses de tres colectivos, que até mediados do século XX podían case asimilarse pero que cada vez coinciden menos: os residentes na zona, os propietarios das terras e as persoas ou empresas interesadas no seu aproveitamento.

#### 4. CONDICIONANTES DERIVADOS DA ESTRUCTURA DA PROPIEDAD DA TERRA

Un elemento esencial que condiciona a xestión das superficies no medio rural galego é a estrutura da propiedade, unida ao mantemento dun cadro institucional sobre os dereitos asociados á propiedade da terra que é cada vez máis disfuncional.

Segundo o Catastro de Rústica, a superficie rural de Galicia (2,85 millóns de hectáreas) está dividida entre 1,67 millóns de propietarios (a nosa comunidade ten 2,71 millóns de habitantes) e 11,4 millóns de parcelas, de tal modo que a superficie media por propietario se limita a 1,7 ha, fragmentada en sete predios diferentes cunha extensión media de 0,25 ha.

Eses datos esconden, porén, realidades moi distintas. Centrándonos nas terras de monte, é necesario distinguir tres tipos de superficies de características diferentes, que se enfrontan a problemas tamén diferentes para a súa xestión produtiva<sup>3</sup>.

- a) Superficies de monte particular integradas en explotacións agrarias: 8 % do territorio, unhas 240 000 ha.

Estas superficies, pertencentes na súa maioría a agricultores e as súas familias, están divididas entre miles de propietarios. Ademais, excepto nas zonas onde se concluíu a concentración parcelaria e esta incluíu o monte, manteñen unha elevada fragmentación e deficiencias no acceso aos predios, elementos todos que dificultan un adecuado aproveitamento.

---

<sup>3</sup> As cifras para cada un dos tipos de superficies son cálculos propios baseados no cruzamento de tres fontes: *Enquisa sobre a estrutura das explotacións agrarias* de 2016, o *Cuarto Inventario Forestal Nacional (IFN4)* e o Rexistro dos montes veciñais en man común da Consellería do Medio Rural.



Fronte a eses problemas, estas terras presentan unha vantaxe: a súa xestión (para usos forestais, agrogandeiros ou outras producións) pode ser realizada por agricultores en activo.

b) Superficies de monte particular pertencentes a propietarios non agricultores: 39 % do territorio, ao redor de 1 150 000 ha.

Estas terras presentan dous grandes obstáculos para unha adecuada ordenación e explotación. Por unha banda, sofren unha división da propiedade similar á dos terreos de cultivos e pastos, ou máis acusada: repartidas entre centos de miles de propietarios, cunha moi pequena superficie por propietario, caracterízanse ademais por unha forte fragmentación parcelaria e problemas de acceso aos predios. A iso únese que a inmensa maioría dos propietarios están desvinculados da xestión das superficies, mentres que é moi pequeno o colectivo do que podemos considerar como silvicultores profesionais.

Eses condicionantes teñen dous efectos. En primeiro lugar, provocan unha enorme dificultade para constituír unidades de produción viables, xa que isto esixe integrar as terras dun elevado número de propietarios. Ao que se engade a debilidade da iniciativa empresarial dos silvicultores profesionais, que deberían mobilizar as terras para a produción forestal (en explotacións individuais ou promovendo fórmulas de xestión colectiva).

c) Montes veciñais en man común (MVMC): terras de propiedade privada colectiva pertencentes a unhas 3000 comunidades, que suman 663 500 hectáreas (23 % do territorio).

Ao contrario dos dous grupos anteriores, estamos aquí ante unidades, en xeral, de elevado tamaño e sen problemas de fragmentación parcelaria. Segundo os datos da Consellería do Medio Rural, a superficie media dos 3326 MVMC contabilizados en 2019 (pertencentes a 2992 comunidades) ascendía a 219,5 ha (Consellería do Medio Rural 2020). Pero estes espazos enfróntanse a outros condicionantes, que contribúen a un elevado abandono ou subutilización. Entre eles cabe mencionar os seguintes: a regresión e débil estrutura demográfica da maioría das comunidades propietarias, a escasa vinculación da maior parte dos comuneiros coa explotación do monte (dada a desagrarización do medio rural) e a inadecuación do marco legal e as políticas públicas nas décadas recentes (Grupo de Estudos da Propiedade Comunal 2006).

Os distintos tipos de terras de monte que acabamos de citar son de propiedade privada: propiedade individual ou societaria nos montes particulares, propiedade privada colectiva nos MVMC. Neste sentido, como se destaca habitualmente, a superficie forestal de propiedade pública é en Galicia case insignificante (límitase ao 2 %). Pero debemos resaltar que non sucede o mesmo para a superficie de xestión pública. A Xunta de Galicia, a través dos servizos forestais, xestiona directamente unhas 290 000 ha, preto do 15 % da superficie forestal; unha importante capacidade de intervención que corresponde na súa maioría a terreos pertencentes a comunidades de MVMC xestionados pola Administración, a través de convenios ou antigos consorcios (cadro 5).

Cadro 5. Superficie forestal de xestión pública. Galicia, 2019

	Hectáreas
– Montes de Utilidade Pública	22 025
– Montes patrimoniais da Comunidade Autónoma	12 058
– Montes patrimoniais de concellos e ELM	6 849
<b>Propiedade pública</b>	<b>40 932</b>
– Montes particulares	14 422
– Monte abertal, de varas, voces, fabeo	1 943
– MVMC	233 009
<b>Propiedade privada</b>	<b>249 374</b>
<b>Total xestión pública</b>	<b>290 306</b>

Fonte: Consellería do Medio Rural, *Anuario de Estadística Forestal de Galicia 2019*

## 5. A MODO DE CONCLUSIÓN: ALGUNHAS DIRECTRICES PARA AS POLÍTICAS FUTURAS

Dados os problemas que xera o modelo de xestión de terras vixente en Galicia, resulta imprescindible abordar unha reforma estrutural adaptada ás necesidades actuais do medio rural. Reforma non centrada na propiedade, senón nos usos; que, sen alterar a distribución da propiedade, impulse a mobilización produtiva e unha adecuada xestión das superficies. Esta reforma, necesaria tamén por

outros motivos económicos e ambientais, constitúe unha condición para reducir o risco de incendios a medio e longo prazo.

Sen entrar nunha proposta detallada de medidas, destacamos catro elementos centrais que deben presidir esa reforma estrutural, a xeito de directrices transversais:

- a) Unha ordenación efectiva (non só no papel ou no *DOG*) dos usos do solo. Ordenación que delimite as terras urbanizables, as de vocación forestal –cunha ordenación por especies– e as reservadas para cultivos e pastos. E que regule tamén a localización doutras actividades económicas no medio rural, ademais de incorporar unha adecuada delimitación e mecanismos de apoio aos espazos naturais protexidos.
- b) A configuración, na lexislación e nas políticas públicas, dun novo equilibrio entre propietarios e usuarios das terras. Un novo equilibrio que priorice os proxectos de aproveitamento (sempre que estean acordes coa ordenación de usos aprobada), fronte aos dereitos de propiedade daqueles que se limitan a manter as terras en estado de abandono ou de degradación produtiva e ambiental.
- c) A coherencia dos incentivos das distintas políticas públicas coa ordenación de usos aprobada, corrixindo a fragmentación das políticas sectoriais e as contradicións entre elas que seguimos encontrando na actualidade.
- d) Dado que a inmensa maioría do territorio rural de Galicia é de propiedade privada, a mellora do uso das terras debe ser protagonizada polos propietarios e pola iniciativa privada, e corresponderá ás institucións públicas establecer o marco regulador e os incentivos para que os intereses privados se aproximen o máis posible aos obxectivos colectivos. Pero iso deberá acompañarse dunha xestión pública directa, pola Xunta de Galicia, de determinadas superficies, como os MVMC abandonados para os que non existan outras alternativas ou certos espazos naturais protexidos.

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ANDRADE CALVO, José Manuel / María Xosé VÁZQUEZ RODRÍGUEZ (2016): *Novas demandas para o rural galego*, Documento 18/2016, [Ourense], Foro Económico de Galicia.
- CHAS AMIL, María Luisa / Julia TOUZA / Eduardo D. GARCÍA MARTÍNEZ (2013): «Delimitación de la Interfaz Urbano-Forestal en Galicia: análisis del riesgo de incendio», 6.º Congreso Forestal Español, Vitoria-Gasteiz, 10-14 de xuño de 2013.
- COMISSÃO TÉCNICA INDEPENDENTE – CTI (João Guerreiro, Carlos Fonseca, António Salgueiro, Paulo Fernandes, Edelmiro López Iglesias, Richard de Neufville, Frutuoso Mateus, Marc Castellnou Ribau, Joaquim Sande Silva, José Manuel do Vale Moura Ferreira Gomes, Francisco Castro Rego, Duarte Caldeira) (2018): *Avaliação dos incêndios ocorridos entre 14 e 16 de outubro de 2017 em Portugal Continental. Relatório Final*, Lisboa, Assembleia da República.
- CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL (2020): *Anuario de Estatística Forestal de Galicia 2019*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia. Consellería do Medio Rural.
- CORBELLE RICO, Eduardo / Rafael CRECENTE MASEDA (2014): «Urbanización, forestación e abandono. Cambios recentes na paisaxe de Galicia 1985-2005», *Revista Galega de Economía*, 23:1, 35-52.
- DÍAZ-FIERROS, Francisco / Fernando GIL SOTRES (1982): «Evaluación da capacidade produtiva das terras de Galicia», *Revista Galega de Estudos Agrarios*, 7-8, 149-172.
- FERNÁNDEZ, Melchor / David PEÓN (2017): *Desafios dunha sociedade avellentada e en declive: desequilibrios territoriais e prestación de servizos*, Documento 20/2017, [Ourense], Foro Económico de Galicia.
- GRUPO DE ESTUDOS DA PROPIEDADE COMUNAL (Xaquín Fernández Leiceaga, Edelmiro López Iglesias, Manuel Jordán Rodríguez, Begoña Besteiro Rodríguez, Pablo Viso Outeiriño, Xesús Leopoldo Balboa López, Lourenzo Fernández Prieto, David Soto Fernández) (2006): *Os montes veciñais en man común: o patrimonio silente. Natureza, economía, identidade e democracia na Galicia rural*, Vigo, Xerais.
- INSTITUTO GALEGO DE ESTATÍSTICA (2017): *Panorama rural-urbano*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia ([https://www.ige.eu/web/mostrar\\_seccion.jsp?idioma=gl&codigo=0701](https://www.ige.eu/web/mostrar_seccion.jsp?idioma=gl&codigo=0701)).
- INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO (2008): *Plan Sectorial Galego de Solo Residencial. Anexo II.1. Delimitación das áreas funcionais*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- LÓPEZ IGLESIAS, Edelmiro (1996): *Movilidad de la tierra y dinámica de las estructuras agrarias en Galicia*, Madrid, Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, Secretaría General Técnica.
- LÓPEZ IGLESIAS, Edelmiro (2000): «A dinámica recente e futura da poboación ocupada no sector agrario», en Xaquín Fernández Leiceaga (coord.), *Avellentamento demográfico e consecuencias socioeconómicas*, Vigo, Xerais, 141-179.
- LÓPEZ IGLESIAS, Edelmiro (2019): «O sector agrario e agroalimentario en Galicia; balance das transformacións desde a integración europea (1986-2016)», *Revista Galega de Economía*, 28:3, 1-20.
- LÓPEZ IGLESIAS, Edelmiro / Mar PÉREZ FRA (2004): «Axuste agrario e despoboación rural: as tendencias recentes en Galicia», *Grial. Revista Galega de Cultura*, 162, 36-43.
- LÓPEZ IGLESIAS, Edelmiro / Mar PÉREZ FRA (2017): *Unha estratexia para a Galicia rural do século XXI: diagnóstico e propostas para o debate*, Documento 22/2017, [Ourense], Foro Económico de Galicia.
- LÓPEZ IGLESIAS, Edelmiro / Francisco SINEIRO GARCÍA / Roberto LORENZANA FERNÁNDEZ (2013): «Processes of farmland abandonment: land use change and structural adjustment in Galicia (Spain)», en Dionisio Ortiz-Miranda / Ana Moragues-Faus / Eladio Arnalte-Alegre (eds.), *Agriculture in Mediterranean Europe: between Old and New Paradigms*, Bingley, Emerald Group Publishing, 91-120.

OLIVEIRA BAPTISTA, Fernando (2010): «A transición rural», en *O espaço rural: declínio da agricultura*, Oeiras, Celta, 137-175.

SINEIRO GARCÍA, Francisco (2006): «As causas estruturais dos incendios forestais en Galicia», en Francisco Díaz-Fierros / Plácido Baamonde (coords.), *Os incendios forestais en Galicia*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 77-99.